Asociacións de consumidores



PENSA

As persoas consumidoras e usuarias están en inferioridade de condicións nun mercado que está dominado polas empresas, cuxos produtos ou servizos adquiren ou utilizan. Crees que sería posible escoitar as reivindicacións e demandas das persoas consumidoras de forma individual ante calquera asunto que lles afecte no ámbito de consumo?

SABÍAS QUE...

As persoas consumidoras, que somos todos, temos o dereito para constituír ou a integrarnos en asociacións e organizacións de consumidores para a defensa dos nosos dereitos e lexítimos intereses.

As asociacións de consumidores e usuarios son organizacións privadas sen ánimo de lucro, dedicadas a defender os dereitos das persoas consumidoras e usuarias.

FUNCIONES

Algunhas das funcións das asociaciones de consumidores e usuarios son:

1. Informar, formar e asesorar ás persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e deberes.
2. Ter presenza nos órganos de consulta e participación nos que se coñezan asuntos que afecten directamente aos dereitos e intereses das persoas consumidoras.

3. Exercer as correspondentes accións xudiciais ou extraxudiciais en defensa dos seus socios ou das persoas consumidoras.
4. Propiciar e participar na resolución extraxudicial de conflitos entre consumidores/as e empresarios/as.
5. Formular peticións e exercer iniciativas en relación ao funcionamiento dos servizos públicos.

DIFERENZAS COAS OMIC

Non se deben confundir ás asociacións de defensa dos consumidores coas Oficinas Municipais de Información ao Consumidor (OMIC), que son oficinas públicas locais dependentes dos concellos.

As Asociacións de persoas consumidoras e usuarias poden ter ámbito de actuación local, autonómica ou nacional e organizarse en federacións e confederacións. En España, as principais asociacións de consumidores e usuarios están representadas no Consello de Consumidores e Usuarios, que foi creado no ano 1990. O Consello configúrase como un órgano de representación e consulta a escala nacional a través das organizacións de consumidores máis representativas para defender os intereses dos consumidores e usuarios e incidir na toma de decisións que se adopten polos poderes públicos en relación coa política de consumo.

QUE PUEDO FACER EU...?



Informarme de cales son as asociacións de consumidores e usuarios e acudir a elas cando teña calquera problema relacionado co consumo de bens ou servizos.

PARA SABER MÁIS...

- Asociacións de Consumidores | Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030
- Sobre nós | Consello de Consumidores e Usuarios
- Regulación del Consejo de Consumidores y Usuarios